

CULTURA E TRADICIÓNS DE GALICIA

A maioría das nenas e dos nenos galegos de hoxe, sobre todo os das cidades, xa non saben o que é un cruceiro, un xugo, unha dorna e moitos outros apeiros que formaban parte da vida cotiá na sociedade rural e nas vilas mariñeiras ata mediados do século pasado. Agora, esas tradicións estanse esquecendo nun mundo cada vez máis globalizado e xa só as lembran “os máis vellos do lugar”. Por iso, o obxectivo fundamental deste traballo é darlle a coñecer ao alumnado de terceiro ciclo de ensino primario e de ensino secundario algúns dos aspectos máis salientables da cultura material e das tradicións populares que constituíron a cerna do xeito de vivir e da identidade colectiva desa Galicia rural e mariñeira da que procede a nosa sociedade actual.

Os oito cadernos que presentamos están dedicados a describir as tipoloxías e as variantes dos hórreos, dos cruceiros, da cultura dos castros, dos pazos, dos antigos oficios, das peregrinacións polos camiños de Santiago, dos mariñeiros, as embarcacións e as artes de pesca tradicional, e dos grandes monumentos da nosa terra. Concibíronse como unidades didácticas e realizáronse grazas a unha licenza cuadrimestral concedida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Mais o proxecto non rematou, pois estanse deseñando novas unidades sobre os cultivos, os apeiros e as angueiras colectivas na agricultura tradicional, a gandería, as viñas, as adegas e o instrumental propio da vitivinicultura galega, a casa rural, as festas populares... e outros que poidan xurdir neste proxecto de transmisión da nosa identidade colectiva ás novas xeracións no espazo escolar e fóra da aula.

Os cadernos que presentamos teñen unha parte de teoría, de presentación das diversas cuestións, e outra máis práctica que consiste nunha serie de actividades para facer na aula, a meirande parte delas, ou fóra dela. Concibimos estas como unha

proposta aberta que sirva para preparar visitas e saídas escolares. Eis o motivo polo cal estas actividades para fóra da aula non figuran en todas as unidades. Noutras abonda, simplemente, con adaptar, por exemplo, a ficha proposta para a visita ao castro de Viladonga en Lugo, aos de Santa Tegra na Garda, S. Cibrán de Las en Ourense, ou ao de Baroña en Porto do Son. Polo demais, as novas tecnoloxías permiten acceder ás páxinas web de museos e centros arqueolóxicos para deseñar novas actividades adaptadas ao nivel do alumnado correspondente.

É moi importante polo exposto, que se revisen estas actividades para fóra da aula cando se empreguen como material de apoio para deseñar unha saída escolar e recomendamos, por suposto, que o profesorado deseñe outras novas, adaptadas ao xacemento, museo ou monumento que visiten cos seus rapaces.

Estas unidades didácticas non teñen fotos para evitar a perda de calidade na reprodución dos orixinais. Substituímos por debuxos que salientan os aspectos máis sobranceiros de cada imaxe e apenas perden calidade ao reproducirse por medios mecánicos ou electrónicos.

Proximamente xuntaremos un listado de museos e centros de conservación do patrimonio de visita recomendada para estudar co alumnado os temas que propoñemos nas unidades que seguen e, tamén, unha pequena bibliografía para ampliar o coñecemento destes temas.

Ramón Pico Graña

Montego, Sada, marzo de 2007